



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Soto Carballo, Jorge Genaro
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
García Señorán, M^a del Mar
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Reboreda Morillo, Susana
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Couto Cancela, Daniel
Dominguez Blanco, Santiago
González López, Raquel
Padilha Gómez, Iago
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

González de Prado, Begoña
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Gómez Fariñas, Beatriz
González Almón, Yasmina

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 29 de xullo de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:00 h do día **29 de xullo de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 26 de xuño de 2019.

Apróbase a acta por unanimidade.

2. Informe do Sr. reitor.

O Sr. reitor informa dos seguintes asuntos:

- O Sr. José Montero Reguera foi nomeado director da revista Anales Cervantinos.

- O Sr. reitor fala das titulacións con problemas: Enxeñaría Agraria, Enxeñaría Forestal, Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios e Dirección e Xestión Pública. Así mesmo, comenta a nova xuntanza que haberá mañá entre a Consellería e as tres Universidades sobre titulacións e que afecta a Robótica Agroforestal.

- Foi presentado o Observatorio de Egresados da Universidade de Vigo.

- Foi asinado o convenio co Centro Universitario da Defensa.

- Haberá uns actos de benvinda ao alumnado nos tres campus ao inicio do curso.

- Informa da xuntanza co alcalde de Ourense sobre o centro de intelixencia artificial, que dispón xa de edificio. Sumouse a UNED e a Xunta. O Sr. reitor aclara que non é un centro da Uvigo, pero que debemos participar nesta iniciativa.

- Concluíu o Seminario de Pensamento Contemporáneo.

- Foi fichado o profesor Martínez Lastra na convocatoria de captación de talento.

3. Aprobación, se procede, das propostas de modificación e verificación de títulos de grao, máster e doutoramento.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica as propostas de modificación e/ou verificación pendentes. Non hai propostas de doutoramento. Hai modificación en sete titulacións de grao xa existentes: Enxeñaría Informática, Comunicación Audiovisual, Dirección e Xestión Pública, Fisioterapia, Enxeñaría da Enerxía, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, e Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Falta no listado o título de Deseño e Creación, do que se falará noutro punto da orde do día. O Sr. vicerreitor expón as modificacións correspondentes a cada un destes graos, que non son de moito calado na maioría dos casos, agás no suposto do grao en Dirección e Xestión Pública, que pasa a ser semipresencial e o grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, que pasa a ser grao en Filoloxía Galega e Española, aínda que esta proposta aínda non foi aprobada pola Xunta. O Sr. Miguel Cuevas traslada a preocupación da Facultade de Filoloxía e Tradución en canto a posibilidade de que esta proposta puidera non ser aprobada. O Sr. reitor comparte a preocupación e aclara que esta titulación debe formar parte da oferta da Universidade de Vigo.

En canto a títulos de máster, son nove: Enxeñaría da Automoción, Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde, Investigación Química e Química Industrial, Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, Xenómica e Xenética, Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, Dirección e Innovación de la Supply Chain, Nanociencia e Nanotecnoloxía e Enxeñaría Aeronáutica. Os cinco primeiros van a modificación e os catro últimos a verificación. O tres últimos son novos.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, de primeiras edicións de Curso de Especialista.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado fala dos dous cursos de especialista que se presentan: Electrónica para Compoñentes de Automoción e Desenvolvemento de Software e Negocio Dixital. O Sr. vicerreitor describe brevemente as características de ambos os cursos, que xorden polo interese de empresas do sector.

Apróbanse por asentimento.

5. Aprobación, se procede, do procedemento de elaboración da memoria xustificativa e a memoria para a solicitude de verificación do Grao en Deseño e Creación.

O Sr. reitor expón os intentos que se fixeron para mediar coa Facultade de Belas Artes en relación co título. O novo equipo decanal fará unha negociación a posteriori. A negociación solicitada no Claustro foi realizada. O Sr. reitor pensa que o lugar axeitado para implantar a titulación é a Facultade de Belas Artes, polo que as portas seguen abertas, pero o procedemento debe continuar para non perder a titulación.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que hoxe se inicia o proceso de creación da nova facultade. Nomeouse a D. Marcos Dopico Castro como Decano comisario, para que fose traballando coa Xunta de Titulación provisional, que se pretende aprobar hoxe mesmo. Proponse a seguinte composición da xunta: o Decano comisario, a decana en funcións de Belas Artes, o decano de Ciencias Sociais e da Comunicación, o coordinador do máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda, 10 directores/as dos departamentos máis afíns, 6 estudantes e 3 PAS. O Sr. Xoán Cebro pregunta pola representación do PAS, entendendo que non debe estar a Área de Servizos á Comunidade, senón o PAS dos centros implicados. O Sr. vicerreitor está de acordo e o cambiará. A Sra. Edita de Lorenzo pregunta se se vai a comezar de cero todo o proceso. O Sr. reitor entende que se tomará como base a memoria

anterior. Un representante do alumnado pregunta se hai algún doutoramento asociado para que haxa representantes do alumnado e o Sr. vicerreitor responde que si.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, do inicio de expediente de creación da Facultade de Deseño e Creación.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado aclara o procedemento a seguir: Consello de Goberno, Consello Social, Claustro, Consello de Goberno, Consello Galego de Universidades e aprobación pola Xunta de Galicia. Estamos na fase inicial. Aclara cal é a denominación, a sede e as titulacións que corresponderán ao novo centro. A Sra. Edita de Lorenzo quíxase da falta de información sobre a nova titulación e pide máis explicacións en torno ao proxecto. O Sr. reitor procede a explicar certos detalles e non se mostra optimista de cara a que a facultade de Belas Artes acolla esta titulación no futuro. Explica a ubicación do máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda nesta nova facultade. A Sra. Silvia García, decana en funcións de Belas Artes, agradece a mediación do equipo reitoral neste asunto e cre que a única aposta posible é por unha nova facultade. Indica que se reorientou a memoria xa feita e que a maior parte do traballo aprovéitase. Entende que é unha posibilidade de crecemento do Campus de Pontevedra e que contan co apoio do Concello. É pesimista respecto a un acordo a curto prazo coa facultade de Belas Artes. O Sr. reitor insiste en que debemos facer o posible para que esta titulación teña un rumbo na nova facultade e agradece a colaboración co Concello de Pontevedra.

O Sr. Luis Pérez pregunta polo funcionamento do plan estratéxico en relación con este tipo de situacións e advirte da posibilidade de problemas cos espazos. O Sr. reitor entende que se falará deste asunto na Comisión do Plan Estratéxico e lembra o atractivo desta titulación e do seu encaixe no Campus de Pontevedra. O Sr. Juan Jesús Rico valora que se trate do último recurso para a implantación deste grao, pero lembra que non se deben facer as cousas de présa e correndo, como sucedeu coa enxeñaría aeroespacial. O Sr. reitor lembra o éxito da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e desexa o mesmo resultado á futura Facultade de Deseño e Creación.

Apróbase por asentimento.

7. Aprobación, se procede, de nomeamentos para postos vacantes como vogais nas comisións de avaliación do programa Docencia.

No marco do programa Docencia, as persoas que forman parte das comisións de avaliación teñen que ser nomeadas en Consello de Goberno. O nomeamento é válido por 3 anos e da convocatoria anterior xa quedaron algúns postos cubertos, pero necesitamos que sexan nomeados algúns membros de postos que quedaron vacantes. Os nomeamentos serían:

Ámbito Científico

Vocal Uvigo 1	3325*****	MUÑOZ LÓPEZ, LUIS	C12	A0765	CU
Vocal Uvigo 2	3611*****	GONZÁLEZ REPRESAS, ALICIA	C01	A0413	TU

Ámbito Humanístico

Vocal Uvigo 1	3492*****	DOMÍNGUEZ CASTRO, LUIS	H05	A0450	TU
---------------	-----------	------------------------	-----	-------	----

Ámbito Tecnolóxico

Vocal Uvigo 2	3496*****	VÁZQUEZ DORRÍO, JOSE BENITO	T08	A0385	TU
---------------	-----------	-----------------------------	-----	-------	----

Ámbito Xurídico-Social

Alumno/a		RIOBÓO LOIS, ALEXO BREOGÁN			
----------	--	----------------------------	--	--	--

Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, do nomeamento do Sr. Maurizio Battino como Investigador honorífico da Universidade de Vigo.

O Sr. reitor expón brevemente as razóns do nomeamento do profesor Maurizio Battino.

Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

O Sr. reitor expón as razóns para a creación da OPI e dá a palabra á vicerreitora de Investigación. Trátase de ter unha oficina que facilite a petición e a xustificacions de proxectos internacionais. O Sr. reitor mostra un power point coas ideas principais sobre as funcións e a estrutura da oficina. Pensa que a iniciativa é moi positiva.

A Sra. Edita de Lorenzo cre que debería facerse circular a información sobre a oficina por parte do equipo de goberno e pide que se corrixa a linguaxe inclusiva.

O Sr. Luis Pérez bota de menos o diálogo, a negociación e o acordo neste caso concreto, aínda que existe, en xeral, coa Xerencia. Entende que esta oficina afecta a diferentes oficinas xa preexistente, e non figura un informe das mesmas de cara a adscrición do persoal e advirte cambios respecto do proxecto inicial. Este asunto entende que supón unha modificación da RPT, mediante un cambio de adscrición. Tamén indica que a oficina ten unha dependencia científica de un PDI, o que vai en contra das anteriores RPTs, o que supón un cambio de organigrama. Pensa que se desaproveita unha oportunidade de fixar as funcións dos técnicos implicados. Opina que nos atopamos nunha democracia de baixa intensidade. Solicita que se retire este punto da orde do día. Engade que temos un problema serio de persoal en certos ámbitos, no que hai vacantes netas na RPT. Está en contra das modificacións impulsivas da RPT e que non comparte este xeito de traballar. Non está en contra da creación de esta oficina. Pide que non se leve este punto ao Consello Social.

O Sr. Xoán Cebro indica que non está de acordo co Sr. Luis Pérez. Inician un debate entre ambos sobre a Comisión de Estatutos. O Sr. Xoán Cebro reclama que calquera modificación da RPT pase por Consello de Goberno. Pide que se retire o punto da orde do día, xa que faltan certos informes previos. Pregúntase se esta oficina soluciona os problemas dos investigadores. Fala da tramitación dos proxectos europeos e da labor dos técnicos neste eido, da xestión administrativa e da xestión financeira dos proxectos, así como da súa xustificación. Opina que debería crearse un servizo de xustificación, polas dificultades que implica e que afectan a diversos servizos.

O Sr. Luis Pérez indica que el interpreta o que figura nos Estatutos, en resposta ás observacións do Sr. Cebro. E fai un recorrido sobre os últimos catro anos da oficina de I+D e da OTRI.

A Sra. Belén Rubio invita ao Sr. Cebro a que estude as queixas dos investigadores sobre a xestión dos proxectos. Sinala que a xustificación dos proxectos europeos non se está a facer na Universidade. O Sr. Cebro indica que no Campus de Ourense estase a facer a xustificación, pero a Sra. vicerreitora indica que non. Iníciase un breve debate entre ambos. A Sra. vicerreitora sinala que este proxecto mellorará a situación actual, xa que necesitamos técnicos que se formen neste ámbito e que debe haber unha conexión entre os investigadores e os técnicos. Esta idea figuraba xa no plan estratéxico anterior e pensa que dará resposta ás numerosas queixas dos investigadores. Pensa que é una necesidade urxente. O Sr. Cebro responde ás observacións da Sra. vicerreitora, sobre a base das competencias que na RPT corresponden ao persoal de investigación. O Sr. Luis Pérez sinala que o documento da vicerreitora non coincide coa presentación que se fixo e aclara cal é a situación do Campus de Ourense a este respecto, xa que hai un técnico superior de I+D na Oficina de I+D e outro no plan de mellora, e que o estrutural

non cabe nos plans de mellora, senón que debería ir na RPT. O Sr. Iñigo Cuiñas queíxase da falta de documentación aportada ao Consello de Goberno e adianta a súa abstención.

O Sr. reitor indica que hai varios problemas no eido dos proxectos internacionais e, sobre todo, dos europeos. Estívose a traballar moito na proposta e non a vai a retirar. Pide o apoio á mesma.

Iníciase a votación:

A favor: 35

En contra: 2

Abstencións: 5.

Apróbase a creación da Oficina de Proxectos Internacionais (OPI).

10. Toma en consideración do recurso de alzada presentado por Francisco Fernández Masaguer contra o acordo de informe desfavorable da Xunta de Escola da E.E. de Telecomunicación do día 03/05/19, sobre a súa actividade docente.

O Sr. secretario xeral lembra o inicio deste procedemento e o Sr. reitor cede a palabra ao Sr. Luis Anido que fala como representante sindical a petición do profesor Francisco Fernández Masaguer. O Sr. Anido fala da normativa sobre concesión de quinquenios, de cara á motivación do informe negativo. Indica que se utilizaron como base do informe as queixas recibidas sobre incumprimento das obrigas docentes. Da lectura á acta da xunta do centro, na que se indica que a denuncia polas queixas foi arquivada polo Sr. reitor, o que motivou o recurso do Sr. Masaguer, ao entender que xa foran desestimadas polo instrutor e que, polo tanto, non poden servir de base ao informe negativo emitido pola xunta de centro. Lembra o procedemento en sede de Consello de Goberno, no que se decidiu devolver o asunto á Xunta da Escola, que emitiu un novo informe desfavorable, o que orixinou o actual recurso de alzada. O Sr. Anido sinala que o novo informe negativo non está suficientemente motivado, xa que empregáronse enquisas docentes nas que non se identifican incumprimentos das guías docentes, nin o profesor afectado foi advertido dos mesmos, o que lle xera indefensión. Fala das enquisas sobre o profesor e da actuación do instrutor inicial, dando lectura ao informe do mesmo en torno ao plan de mellora sobre a materia impartida polo profesor Masaguer. Remata aludindo ao último informe da Asesoría Xurídica onde se indica que as simples queixas non poden servir de base a un informe negativo. Solicita que se de cumprimento ao informe da Asesoría Xurídica.

O Sr. Iñigo Cuiñas recorda que remitiu un informe a Secretaría Xeral, aínda que non se lle remitiu o texto do recurso á dirección da Escola. Sinala que informou á Xunta da Escola sobre o recurso cando o recibiu. Indica que remitiu a información que foi autorizada por parte da Secretaría Xeral e os trámites que se seguiron na Xunta da Escola para chegar ao segundo informe desfavorable, con 37 votos a favor e 25 en contra. Alude ao informe da Asesoría Xurídica onde se sinala que se recollen feitos obxectivos para emitir o informe.

O Sr. Luis Anido indica que non está atacando á figura do Sr. director da Escola e que non entende porqué falou da súa indefensión. Fala do informe da instrutora, que non foi recorrido pola dirección da Escola. Indica que foi o Sr. director da Escola quen redactou o informe, tras unha conversa co mesmo. Entende que se debe ler o informe completo da Asesoría Xurídica, que sinala que os feitos ou as queixas deben ser constatados. Alude ao informe do selo EURACE de renovación da acreditación no que se menciona a materia do profesor Masaguer e da lectura a un informe do director da Área de Calidade sobre o mesmo, no que se xustifican, segundo a opinión do Sr. Anido, as recomendacións relativas á materia do profesor citado. O Sr. Iñigo Cuiñas da resposta as críticas do Sr. Anido, con especial referencia ao informe EURACE, e xustificando as referencias á materia do Sr. Masaguer de xeito contrario.

O Sr. reitor insiste na complexidade do tema a tratar, xa que afecta a persoas, e que se deberá traballar na normativa que regula os informes que emiten os centros, entendendo que hai certos defectos na toma de decisións. Aclara que a súa postura é aceptar o recurso.

O Sr. Iñigo Cuiñas aclara que o seu voto negativo é relativo á defensa da decisión da Xunta da Escola, e reclama á Secretaría Xeral a documentación correspondente que non lle foi remitida. (Anexo I)

Procédese á votación.

A favor: 24

En contra: 7

Abstencións: 12

Apróbase estimar o recurso.

11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación (1 estudante).

Non se presentaron candidaturas por lo que non hai que realizar eleccións.

12. Elección dos seguintes membros da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado (1 estudante).

Non se presentaron candidaturas por lo que non hai que realizar eleccións.

13. Elección dos seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico; 1 estudante do ámbito Tecnolóxico.

Non se presentaron candidaturas por lo que non hai que realizar eleccións.

14. Rolda de intervencións.

O Sr. Cruz pregunta pola aplicación informática (MUS), destinada a substituír ao SUXI, e cando se poñerá en funcionamento. O Sr. reitor indica que se iniciará canto antes.

O Sr. Cuiñas pregunta sobre a mentorización, que se iniciou na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, e o responsable da mesma. Pensa que está a funcionar como un voluntariado e que debería darse unha resposta ao coordinador. Tamén pregunta sobre o programa Ultreia 2020 e de qué vicerreitoría depende. O Sr. reitor aclara cal é a situación e pensa que sería bo facer unha reunión entre o equipo e os centros implicados. O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado indica que o responsable da mentorización é a Unidade de Innovación Educativa e aclara cal é a situación actual.

O Sr. Juan Pardo pregunta sobre o establecemento dunha convocatoria especial para as titulacións de máster. O Sr. reitor comprométese a buscar unha resposta hoxe mesmo. Pregunta así mesmo polo servizo de cafetería de Torrecedeira. O Sr. José Luis Míguez indica que estamos pendentes da licitación.

O Sr. Emilio Fernández pregunta pola repercusión en certos medios dos problemas do Campus de Ourense e qué se pensa facer ao respecto. O Sr. reitor indica que o xerme foi o peche dun dobre grao, decisión que depende da Xunta, baseándose no número de alumnos, e o máster de Enxeñaría Aeronáutica, que será probablemente compartido coa Universidade da Coruña, temén por decisión da Xunta de Galicia. Entende que o Campus de Ourense está a funcionar ben e ten moita fortaleza no

sistema universitario galego, xa que ten varias titulacións con gran impulso e captación de alumnado, así como destaca en ámbitos como a tecnoloxía dos alimentos.

O Sr. Xoán Cebro lembra que solicitou por escrito certa información económica relativa aos anos 2015 a 2019 e que aínda non a recibiu. Respecto ao Consello Social de mañá, chócalle un punto que se refire á cobertura de certos postos e ao financiamento dos 42.000 euros aparelados, que supón a amortización de postos. Alude á diferenza coa situación da Universidade de Santiago e da Coruña, que aprobaron certas melloras sen necesidade de liquidar outras prazas a cambio. Pide explicacións ao respecto. A Sra. xerenta aclara as preguntas do Sr. Cebro e comunica a resposta da Xunta, que foi a base das decisións adoptadas. A única forma de poder financiar foi a que se empregou. O Sr. Cebro insiste en que non entende a discriminación coa Universidade de Santiago e coa da Coruña, lembrando que esta mesma pregunta a fixo fai catro anos. A Sra. xerenta indica que se informará máis sobre o trato ás outras universidades. O Sr. reitor indica que xa informou sobre as negociacións de un incremento salarial.

A Sra. Begoña González pregunta sobre o incremento retributivo aos investigadores predoutorais e se lle indica que será en setembro e con carácter retroactivo. Pregunta tamén sobre a paga extra. O Sr. reitor indica que o 100% se acadará en tres anos.

O Sr. José Luis Míguez pide que se limite o tempo das intervencións de cara ao futuro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:00 h do día 29 de xullo de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral